



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Publicación modificación das bases específicas que rexerán o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, dunha praza de técnico/a de medio ambiente (subgrupo A1), C.E. 13/18

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 19 de febreiro de 2025, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Modificar a redacción da base específica 4 da convocatoria aprobada mediante resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior do 28/12/2021 (BOP núm. 249 do 31/12/2021), modificada pola resolución do Concelleiro delegado de Economía e Planificación Estratéxica do 29/08/2024 (BOP núm. 171 do 05/09/2024), para a cobertura, pola quenda libre, de dunha praza de Técnico/a de Medio Ambiente (subgrupo A1) da escala de administración especial, incluída na Oferta de emprego público do ano 2018 (C.E. 13/18), nos seguintes termos:

“O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no BOE.”

Segundo.- Publicar a devandita modificación no BOP

Terceiro.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 27 de febreiro de 2025

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2025/1377